

Bloque 3. Tema 6.

A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo)

O reinado de Amadeo I de Savoia, entre 1871 e 1873, foi moi inestable desde o seu comezo, debido ao pouco apoio político e popular ao monarca, a conflitos armados como a Guerra de Cuba ou a Terceira Guerra Carlista ou a problemas derivados do bloqueo parlamentario. Debido a isto, o monarca abdica o 10 de febreiro de 1873, ao considerar a España como un país ingobernable.

Tras a marcha de Amadeo I, o **11 de febreiro de 1873**, nunha sesión conxunta de Congreso dos Deputados e Senado, **proclámase a Primeira República** por unha ampla maioría de votos (258 a favor e 32 en contra). Sen embargo, este acto xerará un problema de lexitimidade, xa que estaba prohibido pola Constitución de 1869, aínda vixente neses momentos.

O novo réxime republicano, que terá unha duración moi breve, amosará pronto certas dificultades, como a **gran diversidade de correntes e proxectos políticos** que pretendían darlle forma. Os *republicanos unitarios ou radicais* defendían un Estado centralizado, seguindo as ideas do liberalismo doutrinario. Pola súa parte, os *republicanos federais* defendían a constitución dunha Federación descentralizada. Estes atopábanse divididos, á súa vez, en *gradualistas ou transixentes* (seguidores do liberalismo democrático, defendían unha organización de maior autonomía política, similar ás Comunidades Autónomas actuais; entre eles destacaba Pi i Margall) e *cantonalistas ou intransixentes* (que, apoiados polo movemento obreiro, demandaban unha democracia máis directa e a división en cantóns autónomos que despois darían lugar a unha federación).

O primeiro presidente do Goberno foi **Estanislao Figueras**, que encabezou un goberno formado por destacadas figuras do republicanismo. Aínda que mantendo de iure a Constitución de 1869, leváronse a cabo certas reformas, procedendo despois á convocatoria dunhas *eleccións para unha Asemblea Nacional con carácter constituínte*. O temor á derrota nestas por parte dos republicanos unitarios levounos a preparar un pronunciamento militar para o 23 de abril, pero fracasou, causando o exilio do xeneral Serrano. Finalmente, os comicios tiveron lugar o 10 de maio, e acadaron a vitoria neles os republicanos federais gradualistas. Comeza así a configurarse unha República democrática federal, que terá a **Pi i Margall** como novo presidente do Goberno. Este intentou, con escaso éxito, conciliar a todos os republicanos cun programa de “orde e goberno”.

Neste momento comeza a redacción do proxecto de Constitución federal (a chamada **Constitución non nata de 1973**), que estaba inspirada no liberalismo democrático, na que España se dividía en 17 Estados federados e se recoñecía a autonomía municipal. Aínda que se intentou tamén en presidencias posteriores, este proxecto nunca veu a luz, debido a que a inestabilidade política e os numerosos conflitos que azotaban o país fixeron que apenas se lle prestara atención á nova Carta Magna, monopolizando os debates parlamentarios as diferentes guerras en curso.

O presidente Pi i Margall atopouse ao chegar o cargo con dúas guerras (a de Cuba e a Carlista), conflitos con Exército que estaba en crise e coa necesidade de remodelar o Goberno. Aínda que amosaba intención de buscar unha solución negociada a todos estes conflitos, seguiron xurdindo aínda máis, como a *folga xeral en Alcoi*, no mes de xullo, que desembocou nunha insurrección (a “Revolución do petróleo”) e na conseguinte represión por parte do Estado.

A toda esta conflitividade pronto se lle vai sumar a revolta do **movemento cantonalista**, que se estendeu sobre todo nas zonas do sur e o levante español. O obxectivo do cantonalismo, apoiado polo anarquismo, era levar o federalismo ata as súas últimas consecuencias: democracia directa, autonomía de municipios e deputacións, defensa das clases medias e populares, reparto de terras, anticlericalismo... aínda que non cuestionaron a unidade de España. Esta insurrección iniciouse no mes de xullo coa creación dun cantón na cidade de Cartaxena, e poucos días despois declaráronse outros moitos cantóns en Valencia, Almansa, Alicante, Murcia, Cádiz, Málaga...

Esta sublevación fixo fracasar os intentos de reforma e causou a dimisión de Pi i Margall, contrario a reprimir con dureza aos cantonalistas, entrando así en crise o Goberno. Foi inmediatamente nomeado novo presidente **Nicolás Salmerón**, que se comprometeu a restablecer a orde e a aprobar as reformas sociais pendentes, aínda que se apoiará sobre todo nos militares, accedendo a moitas das súas peticións. A represión contra os cantonalistas iníciase xa en xullo, permitindo a derrota de todos os cantóns salvo o de Málaga (que acabará caendo en setembro) e o de Cartaxena (que resistirá ata xaneiro de 1874). Sen embargo, a inestabilidade política e a necesidade de asinar varias penas de morte, ao que se negaba polos seus principios éticos, levou a Salmerón a dimitir o día 6 de setembro.

O seu sucesor a cargo do poder executivo será **Emilio Castelar**, un republicano unitario ou radical que optou por centrarse en acabar coas guerras que se estaban desenvolvendo. Para iso mobilizou aos reservistas, asinou as penas de morte e favoreceu a volta a España de líderes radicais, como o xeneral Serrano. Castelar adoptou unha actitude ditatorial, grazas en boa medida á

suspensión das sesións das Cortes ata o 2 de xaneiro. Ese día, o presidente republicano suxeriu unha serie de reformas, pero ao ser rexeitadas polos deputados, e ao non sentirse respaldado para seguir gobernando, Castelar optou por dimitir.

O **xeneral Pavía** rodeou o Congreso cun grupo de militares e gardas civís na madrugada do día 3 de xaneiro e ordeou o desaloxo do edificio. Ante a negativa inicial dos deputados, entra pola forza, fuxindo aqueles sen ofrecer resistencia. Finalizaba así, cun golpe militar, a fase democrática da Primeira República.

Ante o baleiro de poder, o **xeneral Serrano** asumiu o poder, contando co apoio dalgúns líderes militares e políticos radicais que formaron parte do seu novo Goberno, que converteu a República nun **sistema ditatorial**. Así, Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar eleccións a Cortes constituíntes cando o país estivera pacificado. Mentres, o Exército combatería a cantonalistas (que serán derrotados xa en xaneiro) e carlistas. Sen embargo, as tensións entre os republicanos, a pervivencia da Terceira Guerra Carlista e da Guerra de Cuba e o incremento das reivindicacións sociais por parte da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e nos militares á desintegración de España a uns cambios revolucionarios. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Alfonso de Borbón, fillo de Isabel II, que se presentaba como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (como se puxo de manifesto no **Manifesto de Sandhurst**, documento redactado por Cánovas pero asinado polo propio Alfonso).

Aínda que Cánovas defendía que a volta dos Borbóns ao trono debía facerse dun xeito pacífico e que non puxera en dúbida a lexitimidade da monarquía, o 29 de decembro de 1874 o xeneral **Martínez Campos** liderou o **pronunciamento de Sagunto**, un golpe militar a favor da monarquía de **Alfonso XII**, que tivo escasa resistencia. Remataba así a Primeira República española, un breve período que destacou pola enorme inestabilidade política e social, iniciábase a **Restauración borbónica**, un sistema ideado por Cánovas cunha monarquía constitucional doutrinaria e dous grandes partidos, o conservador e o liberal, cuxa futura alternancia aseguraría o dominio da oligarquía política e económica.